



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2020/13

SESIÓN ORDINARIA

DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 25 DE SETEMBRO DE 2020

No día de hoxe, ás **20:30 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO (PP)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

- 1 Aprobación, se procede, dos borradores das Actas das seguintes sesións plenarias:
 - a. Extraordinaria do 07.05.2020
 - b. Ordinaria do 31.07.2020
 - c. Extraordinaria e urxente do 14.08.2020
 - d. Extraordinaria do 08.09.2020
- 2 Aprobación, se procede, dos festivos locais para o ano 2021.
- 3 Aprobación inicial, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia.

Parte de Control:

- 4 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía, da 373/2020 á 459/2020.
- 5 Inclusión, se procede, de mocións por razón de urxencia
- 6 Rogos e Preguntas.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS PLENARIAS.

A Alcaldía sinala que vai someter a votación os borradores das Actas das anteriores sesións.

2

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 07.05.2020*

Non habendo observacións, sométese a acta a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 07.05.2020.

→ *Acta da sesión plenaria ordinaria do 31.07.2020*

Non habendo observacións, sométese a acta a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 07.05.2020.

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 14.08.2020*

O voceiro do GPM Mixto sinala que xa o comentou coa Secretaria, e que ninguén no Salón de Plenos se deu conta, pero o acordo poñía "expediente de contratación 3/2020" e por un erro volveuse votar o expediente que antes se desestimara; aínda que na acta xa ven corrixido. Quere que conste en acta o erro que houbo no pleno do 14.08.2020 ao votar.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Secretaria-Interventora, previa petición de permiso á Alcaldía, aclara que non houbo ningún erro nese Pleno. Houbo un erro na proposta de acordo que se sometía a consideración do Pleno; pero nesa mesma proposta, como xa lle comentou ao voceiro do GPM Mixto de xeito telefónico, fai referencia en todo momento ao expediente de contratación 3b/2020. Simplemente que nun concreto lugar desa proposta, por erro omitiuse a letra b e púxose “expediente de contratación 3/2020”. Pero non houbo ningún erro ao votar. O Pleno en todo momento sabía o que estaba votando.

O voceiro do GPM Mixto di que na proposta con constaba “expediente de contratación 3b/2020” senón “expediente de contratación 3/2020” e quere que quede reflectido o dito erro.

A Secretaria-Interventora insiste en que non houbo ningún erro na votación do Pleno. Houbo un erro gramatical nun concreto parágrafo da proposta de Alcaldía que se sometía a consideración do Pleno; pero non un erro no que se votou nin no que se reflectiu na Acta, baixo o seu criterio.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos 5 concelleiros/as do GPM do PP e polos 3 concelleiros/as do GPM do PSDG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria e urxente do 14.08.2020.

→ *Acta da sesión plenaria extraordinaria do 08.09.2020*

3

O voceiro do GPM Mixto di que na páxina 17 da Acta sinálase “varios patronos da función” e debe ser substituído por “varios patronos da fundación”

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a Acta coa rectificación sinalada.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a acta da sesión plenaria extraordinaria do 08.09.2020, coa seguinte rectificación:

- Páxina 17, onde se sinala “*varios patronos da función*” queda rectificado por “*varios patronos da fundación*”.

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 21.09.2020) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O 2021.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por cinco (5) votos a favor (emitidos polos 4 concelleiros/as do GPM do PP e D. Julio M. D. Paradela Busto, concelleiro do GPM do PSdG-PSOE) e dúas (2) abstencións (emitidas por D^a Beatriz González Bargo, concelleira do PSdG-PSOE e polo concelleiro do GPM Mixto), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2021.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2021 os seguintes:

- Xoves, día 24 de xuño, San Xoán.
- Martes, día 10 de agosto, San Lourenzo.

Segundo: Como a día de hoxe os festivos autonómicos aínda non están designados; no caso de que o día 24 de xuño sexa festivo autonómico, fixarase como día festivo local para o ano 2021 o seguinte:

- Venres, día 1 de outubro, San Roquiño.

Terceiro: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

.....

A Alcaldía-Presidencia propón introducir unha emenda no ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria. Cando se celebrou a Comisión aínda non se coñecían que días ían ser festivos autonómicos. Hoxe mesmo, recibíuse comunicación da Xefatura Territorial indicando cales serían os festivos autonómicos 2021 e non se inclúe o día de San Xoán; polo que se propón emendar o ditame, suprimindo o punto segundo que xa carece de sentido.

A Alcaldía somete a votación a emenda proposta.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a emenda proposta pola Alcaldía, que consiste en suprimir o punto segundo do ditame da CIACP do día 21.09.2020.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía pregunta se hai algunha intervención. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e os concelleiros do GPM do PSdG-PSOE, D. Julio M. Daniel Paradela Busto e D. Iván Bermúdez Castro) e dúas (2) abstencións (emitidas pola concelleira do GPM do PSdG-PSOE, D^a Beatriz González Bargo e o concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2021.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2021 os seguintes:

- Xoves, día 24 de xuño, San Xoán.
- Martes, día 10 de agosto, San Lourenzo.

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

5

3) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 21.09.2020) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

DITAME, SE PROCEDE, DA APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros/as presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI)
2. Constitúe o feito impositivo desta taxa a prestación do servizo pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.
3. O artigo 4 da Ordenanza ocúpase de regular as cotas tributarias, remitíndose ao Anexo da Ordenanza, onde tamén se recollen os beneficios e exencións aplicables.
4. O Anexo da Ordenanza, no seu núm. 3, letra C, regula o seguinte beneficio fiscal:

<<C) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento>>

5. Á vista do punto 6 da Disposición Adicional 9ª da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engadido pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246 do 27.12.2019) que preceptúa:

<<1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razón de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no casos da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicárase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento (...)

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais (...) no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% (...) serán compensadas (...) mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.>>

6. Para acadar eses obxectivos de interese público, impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa, preténdese a modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

Redacción actual	Anexo, número 3, letra C): Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.
Modificación proposta	Anexo, número 3, letra C): Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán unha bonificación do 100%.

7. Ademais, coa intención de que esta modificación entre en vigor no máis breve prazo posible, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia; posto que deste xeito a ordenanza local estará adaptada á normativa autonómica antes.

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.
4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

Modificación do Anexo.3.C)	
Redacción actual	Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos <i>terán un desconto dun 20 por cento.</i>
Modificación proposta	Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos <i>terán unha bonificación do 100%.</i>

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia>>

.....





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

1. O Concello de Lousame acordou, no seu momento, a imposición e aprobación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI)
2. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo pola asistencia dos menores que previa solicitude dos seus pais ou titores, cumprindo os requisitos legais, sexan admitidos no PAI.
3. O artigo 4 da Ordenanza ocúpase de regular as cotas tributarias, remitíndose ao Anexo da Ordenanza, onde tamén se recollen os beneficios e exencións aplicables.
4. O Anexo da Ordenanza, no seu núm. 3, letra C, regula o seguinte beneficio fiscal:

<<C) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento>>

5. Á vista do punto 6 da Disposición Adicional 9ª da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, engadido pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 246 do 27.12.2019) que preceptúa:

<<1. Nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais e do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, co fin de lograr o obxectivo de interese público, por razón de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nelas no casos da matriculación do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, aplicarase para estes unha bonificación do 100% dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en vigor en cada momento (...)

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais (...) no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100% (...) serán compensadas (...) mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.>>

6. Para acadar eses obxectivos de interese público, impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa, preténdese a modificación da Ordenanza Fiscal no seguinte senso:

Redacción actual	Anexo, número 3, letra C): Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.
Modificación proposta	Anexo, número 3, letra C):





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos **terán unha bonificación do 100%**.

7. Ademais, coa intención de que esta modificación entre en vigor no máis breve prazo posible, cómpre aplicar ao expediente a tramitación de urxencia; posto que deste xeito a ordenanza local estará adaptada á normativa autonómica antes.

Fundamentación Xurídica:

1. O órgano competente par a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local
2. O procedemento para aprobar a modificación da ordenanza fiscal é o regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Pode prescindirse do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4 ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.
4. Pode aplicarse a tramitación de urxencia, ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xa que existen razóns de interese público que así o aconsellan, como é a adaptación da ordenanza local á normativa autonómica, no máis breve prazo posible, e á consecución dos obxectivos pretendidos pola normativa autonómica (impulso demográfico, conciliación e gratuidade da atención educativa).

9

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Prescindir do trámite de consulta previa definido no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por aplicación do mesmo artigo 133.4, ao estarmos ante unha modificación que non impón obrigas relevantes aos destinatarios e regula só aspectos parciais dunha materia.

Segundo: Aplicar a tramitación de urxencia ao expediente administrativo ao abeiro do artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por existir razóns de interese público que así o aconsellan.

Terceiro: Aprobar inicialmente a modificación da *Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia*, que quedará redactada do seguinte xeito:

Modificación do Anexo.3.C)	
Redacción actual	Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos <i>terán un desconto dun 20 por cento</i> .
Modificación proposta	Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán unha bonificación do 100% .





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Abrir un período de información pública, por un prazo de 15 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Quinto: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Sexto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor da modificación da ordenanza terá lugar cando se publique completamente o texto da modificación no Boletín Oficial da Provincia>>

4) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 373/2020 NÁ 459/2020

A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 373 á número 459 do 2020, que foron remitidas xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

5) INCLUSIÓN DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

5.1) APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2019

A Alcaldía propón incluír por urxencia no Pleno Ordinario a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2019. O 23.09.2020 finalizou o período de información pública da Conta Xeral 2019, polo que foi imposible incluír este asunto na convocatoria do Pleno, que tivo lugar o martes, día 24.09.2020.

De seguido, somete a votación a urxencia deste asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 25.09.2020: aprobación da Conta Xeral do exercicio 2019.

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que é a que de seguido se indica:

.....
D^a. M^a Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame:

Finalizado o exercicio económico 2019, e sendo necesario someter a aprobación do Pleno Corporativo, nos termos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a **Conta Xeral do exercicio 2019** do Concello de Lousame, **propono a adopción do seguinte ACORDO:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2019, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 27.07.2020 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2019, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Segundo: O 04.08.2020 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 14.08.2020 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por unanimidade, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2019 ordenando a exposición pública da mesma.

Cuarto: O 21.08.2020, no BOP núm. 135 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2019, outorgando un prazo de 15 días hábiles a fin de que durante o dito prazo e 8 días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente. Do mesmo xeito, publícase anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, o día 21.08.2019.

11

Quinto: O 25.09.2020 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2019 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2019, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2019.

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo>>.

Lousame, na data da sinatura dixital

A Alcaldía
M^a Teresa Villaverde Pais





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía pregunta se hai intervención. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2019, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Antecedentes Administrativos:

Primeiro: O 27.07.2020 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2019, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

Segundo: O 04.08.2020 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

Terceiro: O 14.08.2020 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por unanimidade, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2019 ordenando a exposición pública da mesma.

Cuarto: O 21.08.2020, no BOP núm. 135 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2019, outorgando un prazo de 15 días hábiles a fin de que durante o dito prazo e 8 días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente. Do mesmo xeito, publícase anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, o día 21.08.2019.

Quinto: O 25.09.2020 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2019 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2019, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2019.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo>>.

5.2) MOCIÓN DO GPM DO PSDG-PSOE: SOBRECUSTO DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA PARA OS CONCELLOS

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE comenta que quere someter a consideración do Pleno de Lousame esta moción.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 25.09.2020: moción sobre o sobrecusto dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica para os Concellos.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE procede á lectura da moción, que é a que se seguido se inxire:

13

MOCIÓN SOBRE O SOBRECUSTE DOS GASTOS DE LIMPEZA E DESINFECIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA PARA OS CONCELLOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis, de data 28/08/2020), e na actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de data 22 de xullo, de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia (versión do documento a 31/08/2020), no que atinxe ás medidas xerais de limpeza e desinfección dos sinalados centros educativos de titularidade autonómica, impóñense unha serie de obrigas mínimas, que serán reflectidas nos Protocolos que deben de aprobarse por cada centro educativo, pasando deste xeito a formar parte do chamado “Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021”.

O obxecto do sinalado Protocolo é crear un entorno escolar saudable e seguro, atopándonos en consecuencia ante medidas de **carácter sanitario** e tamén de **carácter educativo**.

Tras numerosas queixas e dúbidas trasladadas á Deputación Provincial de A Coruña por moitos alcaldes e alcaldesas, e co obxectivo de aclarar se os traballos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica corresponde á Administración Autonómica ou aos Concellos, polo Presidente da Deputación encargouse ao servizo de Asesoría Xurídica do ente provincial a elaboración dun informe. Pois





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ben, este informe conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención da CONVID-19, correspóndelle á Xunta de Galicia. Do sinalado informe, en síntese derivase o seguinte:

Ao respecto das **medidas sanitarias** “a competencia sanitaria está regulada, na actualidade na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, cuxo artigo 48 non deixa lugar a dúbida cando establece que, entre las prestacións de saúde pública, atópase a prevención e control das enfermidades transmisibles” (apartado d)). “Dado que o propio documento que contén as Instrucións da Xunta, reflicte que, ditas medidas de limpeza e desinfección teñen como finalidade, precisamente, a prevención e control dunha enfermidade transmissible, a infección respiratoria causada polo SARS-CoV-2, estamos ante unha medida de saúde pública, que debe ser debidamente implantada pola administración sanitaria competente, que, neste caso, é claro, é a Autonómica”.

A máis abundamento, é de resaltar que, “nin a normativa de ámbito local, nin a Lei de Saúde de Galicia (art. 80), atribúen competencia algunha en materia de sanidade a favor das entidades locais, en relación á implantación e execución das que medidas que, no ámbito de saúde púnñoca, se adopten pola CCAA”.

E conclúe o informe que “o control sanitario atribuído aos concellos, atendendo á literalidade da norma autonómica, debe encuadrarse nunha mera función de vixilancia do territorio do municipio e da súa poboación, ao tratarse da administración de maior proximidade, pero en modo algún este control pode implicar a adopción de medidas específicas, que van máis aló dunha limpeza ordinaria”.

No que atinxe ó **ámbito educativo**, razoa o informe xurídico, a normativa vixente opera a transferencia de competencias na devandita materia a favor da CCAA de Galicia.

14

Ao abeiro da regulación na Lei Orgánica de Educación e na Lei das Bases de Réxime Local, o deber de conservación de centros de educación infantil, primaria e especial corresponderá só aos concellos, cando éstos ostenten a titularidade deses centros; correspondendo ditas función á administración autonómica, nos centros de titularidade autonómica.

Agora ben, no caso de que “o lexislador autonómico optara, no exercicio das súas competencias, por ampliar as competencias das corporacións locais, respecto á conservación e mantemento dos centros escolares -coa inherente carga financeira que esta ampliación conlevaría - a CCAA deberá pór a disposición das entidades locais, a correspondente provisión de medios económicos, materiais e persoais para o exercicio das mesmas, de conformidade co art. 7 y 27 de la LBRL”.

En definitiva, non pode máis que concluírse que “en modo algún pode encomendarse ás entidades locais novas función e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares, independentemente da titularidade dos mesmos, sen a correspondente consignación orzamentaria para sufragar ditos gastos, e sen a correspondente delegación de tal competencia, pois o contrario supón unha vulneración da autonomía local constitucionalmente garantizada, así como unha infracción da normativa básica estatal, en materia de educación e de regulación das bases das entidades locais”.

Por outra banda, cabe recordar, que a Xunta de Galicia foi perceptora de case 93 millóns de euros por parte do Estado, precisamente, para adaptar os centros educativos á situación actual da pandemia; cando, na realidade, son os propios Concellos os que están a soportar o importante sobrecoste que o exercicio dunha competencia que non lles corresponde, lles está a ocasionar.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Este grupo municipal carece de información sobre canto lle está a costar a este Concello facer fronte ás medidas excepcionais precisas para a prevención da COVID-19 nos centros escolares (información cuxo traslado reiteramos), pero o que si sabemos é que en todo caso eses gastos son a cargo do propio orzamento municipal.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta á clase e o curso académico poida desenrolarse de maneira presencial, segura e con calidade.
2. No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar ás entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación presupostaria para sufragar tales gastos.
3. Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecustes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.

Asdo.:

Voceiro Grupo Municipal Socialista

15

A Alcadesa comenta que en Lousame hai un CPI; e os gastos de limpeza dese colexio foron asumidos sendo ela concelleira, non recorda exactamente o ano, pola Consellería de Educación, ao igual que os gastos de combustible para calefacción. A Xunta de Galicia asume a limpeza nos centros da súa titularidade, fundamentalmente nos de secundaria, que son a metade dos centros educativos de Galicia. Pero no caso de Lousame, a limpeza do colexio foi asumida dende xa fai anos pola Consellería, precisamente por tratarse dun CPI. Ademais no colexio de Lousame leváronse a cabo outras actuacións como duplicar un aula, habilitar unha antiga vivenda do conserxe en espazo de usos múltiples... Todo iso permite que no caso de precisar máis espazo, poidan empregarse esas instalacións para as novas necesidades motivadas polo Covid-19. Se nalgún momento precisan a axuda do Concello a van a ter, independentemente do que digan as normas, xa que a o Concello de Lousame debe coidar pola saúde dos veciños que transitan esas instalacións. A Deputación tamén mandou unha partida duns 30.000 para gastos Covid-19, no que curiosamente non sufragan a contía do custo de colocación das mamparas, que é un custo moi importante; aparte do persoal que tamén queda fora e que ten que facer labores de limpeza extraordinaria.

En relación coas peticións da moción, indicar que son moi xerais e non se corresponden coa realidade de Lousame. A Xunta está a pór en marcha accións para enfrontarse aos problemas provocados polo Covid-19: asume a limpeza dos centros da súa titularidade, outorga axuda ás ANPAS para os comedores escolares, etc.

D. Julio M. D. Paradela Busto sinala que fai un mes tívose unha reunión no Concello onde non se aclarou nada o que se estaba a facer. Quere saber que é o que se está levando agora mesmo no





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

colexio, cantas veces se fai a limpeza no colexio e se todos os gastos eses realmente non saen das arcas do Concello.

A Alcaldesa volve a repetir que é un CPI, e como centro integrado de primaria e secundaria, a Consellería asume todos os gastos de limpeza. Ela non é a directora do colexio, é a Alcaldesa. Se o voceiro do GPM do PSdG-PSOE quere esa información, será solicitada á dirección do Colexio.

D. Julio M. D. Paradela Busto, entendeu naquela reunión, na que estaba a concelleira de Servizos Sociais, que había uns protocolos que estaban aínda sen establecer, que a directora do colexio estaba de vacacións, e que a cousa non estaba aínda clara. Foi a información que percibiu tanto por parte da Alcaldesa como da concelleira. Por iso quere saber se a día de hoxe se está cumprindo o protocolo, que frecuencia de limpeza hai, etcétera.

A Alcaldesa di que esa reunión, á que o voceiro do PSdG-PSOE chamou conto, máis non era un conto senón unha reunión para informar do que se estaba a facer na Área de Servizos Sociais. En relación co colexio dicir que hai unha autonomía do centro. No caso de ter que facer unha labor de conservación a dirección ponse en contacto co Concello para facer chegar as súas demandas. Pero a dirección, nos temas que son autonomía de centro, non teñen por que render contas ao Concello. Sabe que están aplicando os protocolos, porque fala a miúdo coa dirección. Ese protocolo o aplica o centro, segundo o que lle indica a Consellería, a través da Inspectora que visita os centros. Se o Sr. Paradela Busto pregunta quen vai a limpar o PAI ou a Casa da Cultura, ela poderá responder... Pero no caso do Colexio non, xa que non é competencia do Concello. Pero porase en contacto coa dirección para obter esa información, se teñen a ben dala, e trasladaralla ao Sr. Paradela Busto.

16

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por tres (3) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do PSdG-PSOE), un voto en contra (emitido polo concelleiro do GPM do PP D. Ramón Manuel Martínez Rial) e seis (6) abstencións (emitidas polos restantes concelleiros/as do GPM do PP e concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

<<Nas instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública (DOG nº 174 bis, de data 28/08/2020), e na actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao Protocolo de data 22 de xullo, de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensinanza non universitaria de Galicia (versión do documento a 31/08/2020), no que atinxe ás medidas xerais de limpeza e desinfección dos sinalados centros educativos de titularidade autonómica, impóñense unha serie de obrigas mínimas, que serán reflectidas nos Protocolos que deben de aprobarse por cada centro educativo, pasando deste xeito a formar parte do chamado "Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021".

O obxecto do sinalado Protocolo é crear un entorno escolar saudable e seguro, atopándonos en consecuencia ante medidas de **carácter sanitario** e tamén de **carácter educativo**.

Tras numerosas queixas e dúbidas trasladadas á Deputación Provincial de A Coruña por moitos alcaldes e alcaldesas, e co obxectivo de aclarar se os traballos de limpeza e desinfección dos centros educativos de titularidade autonómica corresponde á Administración Autonómica ou aos Concellos, polo Presidente da Deputación encargouse ao servizo de Asesoría Xurídica do ente





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

provincial a elaboración dun informe. Pois ben, este informe conclúe que a competencia de limpeza e desinfección dos colexios para cumprir cos protocolos de prevención da COVID-19, correspóndelle á Xunta de Galicia. Do sinalado informe, en síntese derívase o seguinte:

Ao respecto das **medidas sanitarias** “a competencia sanitaria está regulada, na actualidade na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, cuxo artigo 48 non deixa lugar a dúbida cando establece que, entre las prestacións de saúde pública, atópase a prevención e control das enfermidades transmisibles” (apartado d)). “Dado que o propio documento que contén as Instrucións da Xunta, reflicte que, ditas medidas de limpeza e desinfección teñen como finalidade, precisamente, a prevención e control dunha enfermidade transmissible, a infección respiratoria causada polo SARS-CoV-2, estamos ante unha medida de saúde pública, que debe ser debidamente implantada pola administración sanitaria competente, que, neste caso, é claro, é a Autónoma”.

A máis abundamento, é de resaltar que, “nin a normativa de ámbito local, nin a Lei de Saúde de Galicia (art. 80), atribúen competencia algunha en materia de sanidade a favor das entidades locais, en relación á implantación e execución das que medidas que, no ámbito de saúde púnñoca, se adopten pola CCAA”.

E conclúe o informe que “o control sanitario atribuído aos concellos, atendendo á literalidade da norma autonómica, debe encuadrarse nunha mera función de vixilancia do territorio do municipio e da súa poboación, ao tratarse da administración de maior proximidade, pero en modo algún este control pode implicar a adopción de medidas específicas, que van máis aló dunha limpeza ordinaria”.

No que atinxe ó **ámbito educativo**, razoa o informe xurídico, a normativa vixente opera a transferencia de competencias na devandita materia a favor da CCAA de Galicia.

17

Ao abeiro da regulación na Lei Orgánica de Educación e na Lei das Bases de Réxime Local, o deber de conservación de centros de educación infantil, primaria e especial corresponderá só aos concellos, cando éstos ostenten a titularidade deses centros; correspondendo ditas función á administración autonómica, nos centros de titularidade autonómica.

Agora ben, no caso de que “o lexislador autonómico optara, no exercicio das súas competencias, por ampliar as competencias das corporacións locais, respecto á conservación e mantemento dos centros escolares -coa inherente carga financeira que esta ampliación conlevaría – a CCAA deberá pór a disposición das entidades locais, a correspondente provisión de medios económicos, materiais e persoais para o exercicio das mesmas, de conformidade co art. 7 y 27 de la LBRL”.

En definitiva, non pode máis que concluírse que “en modo algún pode encomendarse ás entidades locais novas función e responsabilidades na conservación e mantemento dos centros escolares, independentemente da titularidade dos mesmos, sen a correspondente consignación orzamentaria para sufragar ditos gastos, e sen a correspondente delegación de tal competencia, pois o contrario supón unha vulneración da autonomía local constitucionalmente garantizada, así como unha infracción da normativa básica estatal, en materia de educación e de regulación das bases das entidades locais”.

Por outra banda, cabe recordar, que a Xunta de Galicia foi perceptora de case 93 millóns de euros por parte do Estado, precisamente, para adaptar os centros educativos á situación actual da





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

pandemia; cando, na realidade, son os propios Concellos os que están a soportar o importante sobrecoste que o exercicio dunha competencia que non lles corresponde, lles está a ocasionar.

Este grupo municipal carece de información sobre canto lle está a costar a este Concello facer fronte ás medidas excepcionais precisas para a prevención da COVID-19 nos centros escolares (información cuxo traslado reiteramos), pero o que si sabemos é que en todo caso eses gastos son a cargo do propio orzamento municipal.

Polo exposto, o Pleno da Corporación Municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a cumprir coas obrigas e responsabilidades no ámbito sanitario e educativo, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para garantir que a volta á clase e o curso académico poida desenrolarse de maneira presencial, segura e con calidade.

Segundo: No caso de que a Xunta de Galicia decida encomendar ás entidades locais novas funcións e responsabilidades en materia de conservación e mantemento dos centros educativos, proceda a delegación formal das mesmas e realice a correspondente consignación presupostaria para sufragar tales gastos.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a que proceda á compensación dos sobrecostes que os concellos están a soportar como consecuencia dos gastos de limpeza e desinfección dos centros educativos.>>

5.3) MOCIÓN DO GPM MIXTO: MOCIÓN SOBRE O ACTUAL ESTADO DE CONSERVACIÓN DOS MUÍÑOS E CANLES A CARÓN DO RÍO LOBO

18

O voceiro do GPM Mixto comenta que quere someter a consideración do Pleno de Lousame esta moción.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 25.09.2020: moción sobre o actual estado de conservación dos muíños e canles a carón do Río Lobo.

O voceiro do GPM Mixto procede á lectura da moción, que é a que se seguido se inxire:

.....

MOCIÓN SOBRE O ACTUAL ESTADO DE CONSERVACIÓN DOS MUÍÑOS E CANLES A CARÓN DO RÍO LOBO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Os muíños e canles que se sitúan a carón do río Lobo, dende a ponte de San Francisco e Abelendo, no lugar de Tállara, son un ben de interese local e valor patrimonial. Actualmente o seu estado de conservación e mantemento non é o axeitado.

Nesta zona, levouse a cabo a execución dun “sendeiro fluvial” desde Ponte San Francisco ás Carabeiras (paralelo ao río Lobo), véndose afectado o estado de conservación dalgúns dos muíños, levadas de auga e canles do lugar. Cómpre reparar os danos materiais que supuxo unha intervención descoidada que non respectou a contorna inmediate, xa que son evidentes as modificacións sobre o estado orixinal dalgún dos bens (levadas da auga soterradas, elementos desvinculados do sendeiro...).

Do mesmo xeito, a idea do goberno municipal de crear un sendeiro paralelo ao río Lobo dende Carabeiras a ponte de Abelendo, observamos a necesidade obrigatoria na restauración e conservación dos elementos patrimoniais que alí se encontran, para non volver a cometer os erros cometidos no pasado no outro tramo.

Por estes motivos, propóñense os seguintes acordos:

- 1: Instar ao Concello de Lousame á restauración e conservación dos muíños e canles que se atopan entre a ponte de Carabeiras e Abelendo paralelos ao río Lobo, para que se acometa unha mellora xeral no mantemento, tratándose de bens de interese local e valor etnográfico e patrimonial.
- 2: Instar ao Concello de Lousame á reparación inmediate dos danos causados nos elementos patrimoniais e a rehabilitación e mantementos destes, no tramo dende a Ponte de San Francisco a Ponte de Carabeiras paralelos ao río Lobo.
- 3: Instar ao Concello de Lousame ao traballo pola súa catalogación/recoñecemento, optando así mesmo ás medidas de axudas públicas que poidan acollerse para a súa debida conservación. De non ser posible acollerse a subvencións da Xunta de Galicia nin da Deputación de A Coruña, cómpre ter en conta os fondos do POS 2021 ou outros medios económicos dos que dispoña o propio Concello e que poidan destinarse para tal fin.

Asdo.: Bloque Nacionalista Galego

A Alcaldesa explica que o paseo que está feito estao dende a Ponte de Abelendo até a Ponte de San Francisco. En ningún momento se afectou a ningún elemento patrimonial, xa que non están inventariados como tales. Intentouse actuar en algún deles, e eran propiedade privada, polo que non se podía actuar alí. Pero a Lei de Patrimonio si di que hai que esixir a quen posúe elementos patrimoniais que o restaure. No segundo tramo no que se pretende actuar, hai algúns vestixios.... Hai outro muíño que mantivo o seu funcionamento mentres un veciño facía as labores de moenda... E logo haberá outros muíños. Cando na moción se pide que se inste ao Concello de Lousame á restauración e conservación... non se preocupe. Fará os trámites pertinentes ante Patrimonio para solicitar que todos elementos se inclúan para a súa protección. Por outra banda, o voceiro do GPM Mixto pediu que se metese no POS a obra de arranxo da estrada da Escabia. E temos outros proxectos anteriores que se lle dixo aos veciños que se ían facer.... O POS da para o que da. Non van apoiar a moción porque no argumentario hai cousas que non son certas. Incluso se quixeron colocar présas como estaban antigamente, e dende Augas de Galicia non o permitiron. Outra moción que pode presentar o Grupo Mixto é pedir que se mande aos veciños que manteñan e restauren os elementos patrimoniais que están no seu poder.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto di que ten fotos no móbil en relación ao primeiro trame e vese como está soterrada a canle dos muíños.

A Alcaldesa explica que cando se fixo ese paseo ela non era Alcaldesa, senón Concelleira de Cultura e recorda que apareceu unha pedra soterrada do muíño, no tramo final na Ponte de San Francisco e a chamaron. Levantouse e gardouse para no caso de facer posteriormente unha restauración, empregar ese elemento. Esa pedra non é do Concello pero Patrimonio mandouna poñer a recaudo para que non desaparecese, xa que esas pedras son moi codiciadas. Agora o cauce da auga está facendo moito dano nesa zona. Recorda tamén como un pequeno peirao que daba sentido a esas canles ás que fai referencia o voceiro do Grupo Mixto, quixo ser reconstruído pero Augas de Galicia no seu momento non o permitiu. Pode preguntarllo aos veciños da Ponte de San Francisco que foron testemuñas de cando os técnicos de Augas de Galicia viñeron a visitar o río e o que alí dixerón.

O voceiro do Grupo Mixto na moción di que se solicite subvención á Deputación ou á Xunta. Non quere que se utilice o argumento frecuente en Lousame de que a Deputación no da subvencións. A Deputación cando se lle fai unha proposta correcta si que dan subvencións.

A Alcaldesa sinala que non van dar subvencións para actuar nunha propiedade privada.

O voceiro do Grupo Mixto di que entón hai que chegar a un acordo cos veciños para que eses muíños sexan cedidos ao Concello, para así recuperar e darlle unha saída a eses elementos patrimoniais que temos, e que non pase que os veciños de Lousame teñan que ir moer a o único muíño que queda operativo que está en Noia.

20

A Alcaldesa indica que leva anos tentando recuperar os muíños... Pero é un traballo difícil, para localizar a todos os propietarios, e poder tomar decisións ao respecto.

O voceiro do Grupo Mixto di que hai que defender o patrimonio do Concello.

A Alcaldesa recórdalle que o Patrimonio do Concello é inmenso. O que á Alcaldesa lle da a impresión é que o que se pretende, non di que o sexa por parte do voceiro do Grupo Mixto; pero ao mellor o que se pretende non é protexer eses muíños, para que se restauren e se disfruten... Senón para que non se faga a outra actuación que se quería levar a cabo. E non vai ser así. O Concello vai intentar, cumprindo todos os parámetros, levar a cabo a actuación que consideren axeitada para esa zona. E ao mesmo tempo acudiremos a Patrimonio para que visiten os elementos que hai ao longo deste río, e que estuden se deben ser incluídos como elementos protexidos.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto a favor (emitido polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a moción sobre o actual estado de conservación dos muíños e canles a carón do Río Lobo.

5.4) MOCIÓN DO GPM MIXTO: MOCIÓN SOBRE AS PRESAS DE RESIDUOS MINEIROS DA MINA DE SAN FINS





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do GPM Mixto comenta que quere someter a consideración do Pleno de Lousame esta moción.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 25.09.2020: moción sobre as presas de residuos mineiros da mina de San Fins.

O voceiro do GPM Mixto procede á lectura da moción, que é a que se seguido se inxire:

MOCIÓN SOBRE AS PRESAS DE RESIDUOS MINEIROS DA MINA DE SAN FINS

O concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno

Exposición de motivos

Nos anos 1928 e 1939 as empresas concesionarias británicas das Minas de San Fins construíron dúas presas de residuos mineiros de formigón no cauce do río Pesqueiras, tamén coñecido como rego das Rabiseiras ou río San Fins. Estas presas figuraron como instalacións de residuos mineiros nos plans anuais de labores presentados pola concesionaria ata que se deixaron de presentar no ano 2000. Tamén figuran como tales no Inventario de Balsas e Escombeiras da Comunidade Autónoma Galega realizada pola Xunta en 1999 e no “Anteproxecto básico y plan director para la rehabilitación de la mina San Finx” de 2002.

Como se indica na propia páxina web oficial do Concello de Lousame, trátase do “charco” ou “balsa de decantación da mina, que consiste nun pequeno encoro no río da Mina ou Rabaceiras.

Este encoro formaba parte das instalación da mina, e a súa función consistía na decantación das partículas en suspensión e areas que baixaban na auga do río.” Tamén no panel sobre o río que instalou o Concello no Museo, especificase que “o encoro empregábase como balsa de decantación”. A pesar deste feito sobradamente coñecido, desde que en 2015 asumiu as concesións a filial do Grupo Sacyr Tungsten San Finx SL, a empresa tense desentendido da situación e responsabilidade das presas, postura consentida pola Administración de minas.

En abril de 2018 o Concello de Lousame remitiu a Augas de Galicia copia das “Diligencias practicadas para evitar que las arenas de las Minas de San Finx vuelvan a entrar en el cauce del arroyo de tal nombre, con grave peligro para las vegas situadas aguas abajo”, expediente municipal que inclúe un oficio de remitido en outubro de 1966 polo entón Alcalde de Lousame ao Gobernador Civil, no que alertaba sobre o medo a que se repita o “verdadero desastre de 1960”, cando rompeu a comporta da maior das presas mineiras, liberando “miles de toneladas de arena que arrastradas por las aguas cubrieron una extensa zona de la feraz vega referida y dejaron estériles muchas tierras, alguna de las cuales continúa todavía sin vegetación de ninguna clase”.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Grazas á documentación achegada en 2018 polo Concello de Lousame e outras entidades, en abril de 2019 elaborouse por parte de Aguas de Galicia un “Informe sobre a Titularidade das Presas San Finx”, no que se describen detalladamente estas presas, a maior delas con máis de 50 metros de lonxitude de coroación, concluíndo que se trata de presas de residuos mineiros e que “Dado que están en desuso, e sempre previa retirada dos áridos almacenados no vaso, debería considerarse a demolición, restaurando o DPH ao seu estado orixinal e proceder á restauración ambiental da zona afectada”.

A pesar desta situación, a actual concesionaria Tungsten San Fins SL, ven omitindo os continuos requerimentos de Augas de Galicia para a posta en seguridade das presas de residuos mineiros, sen que tampouco a Dirección Xeral de Enerxía e Minas adopte medida algunha, a pesar de que un informe previo de Aguas de Galicia recoñecía que a rotura da presa maior podería producir un “importante impacto ambiental” augas abaixo pola grande cantidade de residuos mineiros acumulados. Considerando o risco que estas presas suponen para o ambiente e saúde de toda a poboación que vive augas abaixo.

Propónse adoptar os seguintes ACORDOS:

-Instar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Augas de Galicia para que estas Administracións obriguen á concesionaria mineira a proceder ao desmantelamento das presas de residuos mineiros, retirando os residuos acumulados no cauce e procedendo á súa posterior demolición e restauración ambiental da zona afectada.

-Instar á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obrigue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx SL, os seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios.

-Solicitar a Augas de Galicia copia do expediente de Dilixencias de Averiguación da Titularidade das Presas de San Fins dando traslado do mesmo aos Grupos Municipais.

-Solicitar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Augas de Galicia para que remitan informes destinados aos Grupos Municipais sobre a situación actual das presas de residuos mineiros desde o punto de vista técnico e xurídico así como das medidas adoptadas por sendos órganos para evitar os potenciais riscos sobre o ambiente, a seguridade e a saúde das persoas.

Asdo.: Bloque Nacionalista Galego

.....

A Alcaldesa chócalle o cambio de opinión do BNG, xa que o voceiro do Grupo Mixto pertence a un grupo político. Fai un tempo tivo un encontro co anterior concelleiro do BNG en Lousame, aquel día o Sr. Paradela Busto non puido asistir, e logo se lle sumou outra xente das cercanías. Nesa visita á balsa das minas, da que aínda conserva fotografías, comentou que se as balsas eran unha preocupación deberamos de unírnos todos para tentar buscar unha solución. E a Alcaldesa preguntou que se podía facer..... Un propoñía botar formigón enriba dos áridos da balsa, outro daba outra opción... A Alcaldesa preguntoulles: “Entón que queren? Tirala?” E contestaron: “Non”. Entón ela insistiu no sentido de que sería bo facer unha proposta conxunta, pero habería que





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

concretar esa proposta. Seguiron subindo por aquel entorno natural e preguntou que se podía facer... E alguén contestou: “Tampouco é para vir poñer toallas aquí”. Entón a Alcaldesa percatouse de que realmente ninguén quería nada concreto.

Agora ve que hai sensibilidade por isto e que se quere chegar a algún punto.... Pero quere indicar como está agora expediente, ou a última información que ela ten: que é dilucidar a propiedade da presa. Hai que di que forma parte dunha estrutura de produción de enerxía eléctrica... O que sabemos é que no pasado si sucedeu, pero as instalación do pasado non teñen nada que ver co que existe hoxe en día. Indícalles que sería bo que fixeran unha visita a ditas instalacións, ver o que se fixo para conter as escorrentías e evitar que os áridos vaian ao cauce do río, que melloraron moitísimo o espazo mineiro. E ao mellorar o espazo mineiro, tamén se mellora moito o espazo que o arrodea. O voceiro do seu grupo político na Deputación falou con ela para presentar una moción na Deputación, na que en síntese, pedíase que técnicos da Xunta analizasen a solidez da presa, e que no caso de que houberse algún risco tamén se propuxesen medidas para eliminar eses riscos.

Se o voceiro do Grupo Mixto quere que o GPM do PP non vote en contra desta moción hai que cambiar algo que ademais se repite en varios sitios, que é falar de “presas de residuos”. Non son presas de residuos, son presas que conteñen residuos mineiros. Pero non son “presas de residuos”. Tamén cree que a moción, cando indica “execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx SL, os seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios”, debería finalizar “con cargo ao patrimonio da concesionaria”. Aí hai xente traballando que non ten nada que ver nisto.... Falta meter ao xeólogo e a cada mineiro que traballou na mina ao longo do tempo.... Se o voceiro do Grupo Mixto acepta facer eses cambios, o seu grupo absterase. No caso contrario, votará en contra.

23

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE sinala que o seu grupo vai se abster por unha cuestión moi sinxela: non se pode obrigar a unha empresa a facer un gasto nun ben no que de momento, legalmente que eles saiban, non está demostrado que sexa da empresa. Mentres iso non se resolva... o resto non ten sentido.

O voceiro do GPM Mixto acepta facer as emendas propostas pola Alcaldía

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por un (1) voto a favor (emitido polo concelleiro do GPM Mixto) e nove (9) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

<<Nos anos 1928 e 1939 as empresas concesionarias británicas das Minas de San Fins construíron dúas presas de formigón no cauce do río Pesqueiras, tamén coñecido como rego das Rabiseiras ou río San Fins. Estas presas figuraron como instalacións con residuos mineiros nos plans anuais de labores presentados pola concesionaria ata que se deixaron de presentar no ano 2000. Tamén figuran como tales no Inventario de Balsas e Escombres da Comunidade Autónoma Galega realizada pola Xunta en 1999 e no “Anteproxecto básico y plan director para la rehabilitación de la mina San Finx” de 2002.

Como se indica na propia páxina web oficial do Concello de Lousame, trátase do “charco” ou “balsa de decantación da mina, que consiste nun pequeno encoro no río da Mina ou Rabaceiras.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Este encoro formaba parte das instalación da mina, e a súa función consistía na decantación das partículas en suspensión e areas que baixaban na auga do río.” Tamén no panel sobre o río que instalou o Concello no Museo, especificase que “o encoro empregábase como balsa de decantación”. A pesar deste feito sobradamente coñecido, desde que en 2015 asumiu as concesións a filial do Grupo Sacyr Tungsten San Finx SL, a empresa tense desentendido da situación e responsabilidade das presas, postura consentida pola Administración de minas.

En abril de 2018 o Concello de Lousame remitiu a Augas de Galicia copia das “Diligencias practicadas para evitar que las arenas de las Minas de San Finx vuelvan a entrar en el cauce del arroyo de tal nombre, con grave peligro para las vegas situadas aguas abajo”, expediente municipal que inclúe un oficio de remitido en outubro de 1966 polo entón Alcalde de Lousame ao Gobernador Civil, no que alertaba sobre o medo a que se repita o “verdadero desastre de 1960”, cando rompeu a comporta da maior das presas mineiras, liberando “miles de toneladas de arena que arrastradas por las aguas cubrieron una extensa zona de la feraz vega referida y dejaron estériles muchas tierras, alguna de las cuales continúa todavía sin vegetación de ninguna clase”.

Grazas á documentación achegada en 2018 polo Concello de Lousame e outras entidades, en abril de 2019 elaborouse por parte de Aguas de Galicia un “Informe sobre a Titularidade das Presas San Finx”, no que se describen detalladamente estas presas, a maior delas con máis de 50 metros de lonxitude de coroación, concluíndo que se trata de presas con residuos mineiros e que “Dado que están en desuso, e sempre previa retirada dos áridos almacenados no vaso, debería considerarse a demolición, restaurando o DPH ao seu estado orixinal e proceder á restauración ambiental da zona afectada”.

24

A pesar desta situación, a actual concesionaria Tungsten San Fins SL, ven omitindo os continuos requerimentos de Augas de Galicia para a posta en seguridade das presas de residuos mineiros, sen que tampouco a Dirección Xeral de Enerxía e Minas adopte medida algunha, a pesar de que un informe previo de Aguas de Galicia recoñecía que a rotura da presa maior podería producir un “importante impacto ambiental” augas abaixo pola grande cantidade de residuos mineiros acumulados. Considerando o risco que estas presas suponen para o ambiente e saúde de toda a poboación que vive augas abaixo.

ACORDA:

Primeiro: Instar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Augas de Galicia para que estas Administracións obriguen á concesionaria mineira a proceder ao desmantelamento das presas con residuos mineiros, retirando os residuos acumulados no cauce e procedendo á súa posterior demolición e restauración ambiental da zona afectada.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia para que, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, obligue á concesionaria a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais e que, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, inicie subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio da concesionaria.

Terceiro: Solicitar a Augas de Galicia copia do expediente de Dilixencias de Averiguación da Titularidade das Presas de San Fins dando traslado do mesmo aos Grupos Municipais.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Cuarto: Solicitar á Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Aguas de Galicia para que remitan informes destinados aos Grupos Municipais sobre a situación actual das presas de residuos mineiros desde o punto de vista técnico e xurídico así como das medidas adoptadas por sendos órganos para evitar os potenciais riscos sobre o ambiente, a seguridade e a saúde das persoas>>

5.5) MOCIÓN SOBRE A ESTRADA DP-1105

O voceiro do GPM Mixto comenta que quere someter a consideración do Pleno de Lousame esta moción.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a súa urxencia e a inclusión do seguinte asunto na Orde do Día do Pleno do 25.09.2020: moción sobre a estrada DP-1105.

O voceiro do GPM Mixto procede á lectura da moción, que é a que se seguido se inxire:

MOCIÓN SOBRE A ESTRADA DP-1105

25

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presente a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos:

A estrada DP-1105 que une os concellos de Boiro e Noia é da Deputación da Coruña. Actualmente a maior parte do percorrido desta estrada non ten reflectores nas beiras do firme, só ten gardacarrís nalgúns dos tramos.

Moitos tramos carecen de iluminación polo que se faría necesario mellorar a seguridade viaria sobre todo para cando cae o sol e hai días de escasa visibilidade con chuvia e/ou néboa.

Poderían instalarse reflectores ao longo da estrada, marcar os límites da mesma, mellorar o pintado das liñas ou calquera outra actuación que implique mellorar a seguridade viaria.

Ademais, no plano local, esta estrada carece de beirarrúas no tramo que vai dende o Campo das Rodas ata Sobreviñas do Concellos de Noia e de Lousame, o que supón unha gran inseguridade para os viandantes.

Por outro lado, a conexión entre Noia, Lousame e Boiro en transporte público é moi deficiente sendo dous puntos que deberían estar moi ben conectados polas súas relacións laborais, económicas e de ocio.

Por estes motivos propóñense os seguintes acordos:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 1: Instar á Deputación da Coruña á mellora da seguridade na estrada DP-1105 que pasa polos concellos de Noia, Lousame a Boiro. Traballar conxuntamente con estes dous concellos e a Deputación para que esta mellora sexa o máis pronta e eficaz.
- 2: Instar á Deputación da Coruña á instalación de beirarrúas no tramo pertencente ao noso concello así coma ofrecer toda a colaboración necesaria dende o noso Concello para que esta actuación sexa o máis pronta e eficaz.
- 3: Instar á Deputación da Coruña á eliminación de varios puntos negros do trazado.
- 4: Instar á Xunta de Galicia e á empresa concesionaria correspondente para que se acometa a mellora da conexión estratéxica dos Concellos de Noia e Boiro en transporte público mermada pola pandemia do covid-19.

Asdo.: Bloque Nacionalista Galego

.....
A Alcaldesa di que hai que corrixir unha parte da moción. Cando di: “esta estrada carece de beirarrúas no tramo que vai dende o Campo das Rodas ata Sobreviñas” quere sinalar que no, que Lousame tamén existe. As beirarrúas non as hai dende o Campo de Rodas até pasar a parroquia de Tállara, co perigosa que é esa zona. Eso hai que cambialo e dicir que faltan beirarrúas ao longo desa estrada nos ámbitos do Concello de Noia e de Lousame.

O voceiro do GPM do PSOE di que esa moción parece feita para Noia e non para Lousame.

O voceiro do GP Mixto indica que se presentou nos Concellos de Boiro, Noia e Lousame de xeito igual.

A Alcaldesa di que se nega a facela así. Que iso hai que corrixilo.

O voceiro do GP Mixto acepta as emendas propostas pola Alcaldía no texto da moción que presenta.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<A estrada DP-1105 que une os concellos de Boiro, Lousame e Noia é da Deputación da Coruña. Actualmente a maior parte do percorrido desta estrada non ten reflectores nas beiras do firme, só ten gardacarrís nalgúns dos tramos.

Moitos tramos carecen de iluminación polo que se faría necesario mellorar a seguridade viaria sobre todo para cando cae o sol e hai días de escasa visibilidade con chuvia e/ou néboa.

Poderían instalarse reflectores ao longo da estrada, marcar os límites da mesma, mellorar o pintado das liñas ou calquera outra actuación que implique mellorar a seguridade viaria.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Ademais, no plano local, esta estrada carece de beirarrúas en tramos do Concello de Noia e do Concello de Lousame, o que supón unha gran inseguridade para os viandantes.

Por outro lado, a conexión entre Noia, Lousame e Boiro en transporte público é moi deficiente sendo puntos que deberían estar moi ben conectados polas súas relacións laborais, económicas e de ocio.

Por estes motivos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Instar á Deputación da Coruña á mellora da seguridade na estrada DP-1105 que pasa polos concellos de Noia, Lousame a Boiro. Traballar conxuntamente con estes concellos e a Deputación para que esta mellora sexa o máis pronta e eficaz.

Segundo: Instar á Deputación da Coruña á instalación de beirarrúas no tramo pertencente ao noso concello así coma ofrecer toda a colaboración necesaria dende o noso Concello para que esta actuación sexa o máis pronta e eficaz.

Terceiro: Instar á Deputación da Coruña á eliminación de varios puntos negros do trazado.

Cuarto: Instar á Xunta de Galicia e á empresa concesionaria correspondente para que se acometa a mellora da conexión estratéxica dos Concellos de Noia, Lousame e Boiro en transporte público mermada pola pandemia do covid-19.>>

6) ROGOS E PREGUNTAS

27

Toma a palabra o voceiro do GPM do PSdG-PSOE e pide permiso para ler un manifesto en relación ao Día Internacional contra a explotación sexual e trata de mulleres e nenos.

A Alcaldía dille que si.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE pasa a dar lectura do dito manifesto ao estar recente a data da conmemoración dese día (23 de setembro)

A Alcaldesa que só manifestar que o feminismo non é de ninguén: non é socialista, nin do PP, nin do BNG. O feminismo é de toda a sociedade que queremos a igualdade. Tamén quere dicir que todos os anos o Concello, co gallo do Día da Muller adoita facer unha concentración diante da Casa Consistorial. Pero este ano, por mor do Covid-19 non quixeron facer nada por motivos de seguridade.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1.- Chamoulle a atención que en varios decretos se abriron expedientes sancionadores de infracción polo Covid-19. Quen sanciona iso?

Alcaldesa: Tráfico fixo as denuncias e as presentou no Concello para a súa tramitación.

O Sr. Paradela Busto cre que se Tráfico fai as denuncias deberían tramitar eles as sancións e non cargar máis ao Concello.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa está de acordo co voceiro do PSdG-PSOE. Pero non se lle pode botar a culpa a ese grupo de traballadores, senón que haberá que cambiar a lexislación.

2.- O voceiro do PSdG-PSOE pregunta se as resolucións plenarias saen no BOP aos 15 días.

A Alcaldesa pídelle á Secretaria que conteste a pregunta.

A Secretaria non sabe exactamente a que se refire o Sr. Paradela Busto.

O Sr. Paradela Busto di que as actas dos plenos saen no BOP ou no DOG.

A Secretaria responde que non, que as actas dos plenos non saen publicadas no BOP nin no DOG. As actas remítense á Subdelegación do Goberno e á Dirección Xeral de Administración Local e logo son publicadas na páxina web do Concello.

O Sr. Paradela Busto pregunta se non hai fecha.

A Secretaria responde que tan pronto queda redactada a Acta remítese ás Administracións Superiores.

O Sr. Paradela Busto di que os concelleiros da oposición reciben as actas antes da sesión plenaria onde se van aprobar... e quere saber se antes de ser aprobadas se remiten á Subdelegación e á DXAL.

A Secretaria explica que a Acta no momento no que se redacta e asina, tecnicamente denomínase Borrador de Acta. Ese Borrador de Acta, antes de que se aprobe polo Pleno, xa ten virtualidade xurídica. Unha vez asinado ese documento é remitido ás Administracións superiores, aínda que ese documento aínda non estea aprobado polo Pleno Corporativo. Pero isto non ten ningún tipo de problema. Se no momento no que se somete ese Borrador a aprobación do Pleno, se houbera que facer algún tipo de corrección ou rectificación.... Isto non implica que se volva a reescribir a Acta anterior, senón que esa rectificación quedaría reflectida na Acta do Pleno no que se aproba esa rectificación. A Acta hai que remitila ás Administracións Superiores porque así o indica a Lei de Bases de Réxime Local, e non hai que esperar a que a Acta estea aprobada para cumprimentar esta obriga; xa que unha vez que se remite a Acta as Administracións Superiores teñen a potestade de revisala e incluso exercer potestades de revisión dos actos que alí se acordaron.

3.- En relación á Parroquia de Tállara pregunta xa que o Concello ten unha ordenanza de talas e quere saber se é aplicada. Porque o viu en Tállara faille pensar que non se aplica.

Alcaldesa: O Concello coñece ben a zona xa que foron alí e limparon ese canal para que no caso de vir unha enchenta de auga non destrozase a estrada. Pero a que hai que conseguir é que as empresas non provoquen eses danos e recollan os restos de biomasa que provocan. É moi difícil aplicar esa ordenanza porque as empresas non notifican nin avisan de que van facer as talas. O Concello está tratando de coordinarse con outros organismos para obter a información das talas que se van levar a cabo. Así cando as empresas o notifican noutros organismos, que estes organismos nos pasen a nós a información. Están estudando se hai algún impedimento legal nisto. Pero estase a traballar neste sentido para mellorar esta situación. Se non temos esa información é imposible localizar as cortas dada a grande extensión do Concello. Coñecemos as que están preto das vivendas.... Pero as outras, imposible. As Comunidades tampouco deberían permitir algunhas





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cousas... Algunha vez o Concello fixo requirimentos ás empresas para que retiraran os sobrantes... e onde os botaron? No monte. E iso é un perigo grandísimo que non deberan permitir as Comunidades de Montes. Ten que mellorar a coordinación entre organismos para poder actuar nesta materia.

4.- Fíxose algunha actuación por parte do Concello no tramo que vai dende a Ponte de Abelendo á Ponte San Francisco?

Alcaldesa: Había un tramo da senda que estaba cheo de pedras gordas. Mandou retiralas porque a xente protestaba... Debeu ser pola acción do río. E botouse terra ou barro.

O Sr. Paradela Busto pregunta se se fixo algo na pasarela.

Alcaldesa: Di que a pasarela non é a senda. Na pasarela había chapas de ferro oxidado.

O Sr. Paradela Busto pregunta se iso é público.

Alcaldesa: Claro que si. Está por riba do río que é público.

O Sr. Paradela Busto di entón como se consinte que un espazo público estea nesas condicións. Cumpre coa normativa ese espazo?

Alcaldesa: Pregúntalle se a foi ver agora. Iso que el vía tamén o vían os outros... Houbo que tratar cos veciños, que leva anos e anos e anos...

O Sr. Paradela Busto pregunta se entón sería responsabilidade do Concello calquera desgraza que acontecera nese lugar.

A Alcaldesa di que do Concello non. O Concello tería que comunicalo a quen procedese.

O Sr. Paradela Busto pregunta como actuamos nunha cousa que non é nosa.

Alcaldesa: O Concello mandou retirar o portal, retranquear, e actuar sobre o camiño que alí hai... Porque ao Concello parecíalle o mesmo que lle parece ao Sr. Paradela Busto.

O Sr. Paradela Busto di que no seu momento tamén se actuou sobre dous muíños.... eran públicos ou privados?

A Alcaldesa responde que o descoñece, que o ten que mirar, pero que o fará cando queira o Sr. Paradela Busto.

O voceiro do GPM Mixto plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1.- Nas elección veu seguridade para a carpa. Quen pagou esa seguridade?

Alcaldesa: o Concello non. Supón que sería a Xunta Electoral, pero o Concello non.

O voceiro do Grupo Mixto sorpréndelle que estivese alí un home dende o xoves ao martes, sen ter que coidar nada, sen que houbese alí nada instalado.

Alcaldesa: Quedaron en instalar esa carpa pola mañá e o home xa veu para aí. En cambio, a instalaron pola tarde. E logo permaneceu até que a recolleron.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2.- En relación coa Asociación do Camiño... Cantas reunións se fixeron xa da Asemblea?

Alcaldesa: Fíxose unha reunión en Santiago que se fixo pública nos medios, e hoxe pola mañá me comunicaron que xa estaban todos os trámites feitos, que xa foi recoñecida como Asociación e que se ía remitir aos Concellos a constitución da Asociación. E non houbo ningunha outra reunión porque hai que facer os trámites que son competentes.

3.- Nunha Xunta de Voceiros estivérase falando do tema da Mancomunidade.. Agora sube o canon do lixo que pagan os Concellos á Mancomunidade, sube un 18%. Parécelle que é unha subida bastante ampla e quere saber se será posible buscar unha alternativa.

Alcaldesa: Indica que isto non é así. Hai unha subida que deriva de aprobar a revisión de prezos do contrato. A subida non é igual para todos. A uns lles afecta máis que a outros. A Lousame supónlle unha subida de dous mil e pico euros máis ao mes, pero tampouco está segura. Por outro lado o Concello de Lousame no seu momento aprobou unha ordenanza e unha cota, e houbo un compromiso dos Concellos de cada ano incrementar a suba do IPC. En Lousame non se fixo. Aquí non se fixo, e si se fixo noutros Concellos. E teremos que empezar a facelo. Nos encantaría non ter que pagar nada. E Lousame sobre todo. Pero ben, no seu momento negociouse dun xeito, e agora non se pode cambiar.

O Sr. Paradela Busto pregunta se vai ser ampliada a concesión. Se o vai ser por 10 anos

Alcaldesa: Non o sabe. Promételle que no momento no que o saiba, informará a toda a Corporación. Ela quere aclarar que fala en nome propio, non en nome da Mancomunidade. Parécelle recordar, da súa etapa de Presidenta, que había a posibilidade excepcionalmente de prorrogar a concesión por 5 anos... Pero non está segura.

O Sr. Paradela pregúntalle porque afecta ao Concello e a Alcaldesa está na Xunta.

Alcaldesa: Ela está na Xunta ao igual que está un representante do PSdG-PSOE e Alcaldes do PSOE. Ao mellor ten máis información o Sr. Paradela Busto por as cousas que se din por aí. Pero ela xamais dará ningunha información que non sexa a oficial que se facilita na Xunta da Mancomunidade.

O Sr. Paradela Busto pregúntalle á Alcaldesa cantos anos leva o Concello sen subir a cota do lixo.

Alcaldesa: Non o sei. Por que o pregunta? Quere que se suban retroactivamente?

O Sr. Paradela Busto di que non. Que non poña na súa boca cousas que non dixo.

Alcaldesa: Recorda que dende o Departamento de Urbanismo se está facendo unha revisión para actualizar o padrón, para que paguen todos os usuarios, para que o servizo sexa menos deficitario e ademais porque é o xusto.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos (22:25 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

